

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 25 DE AGOSTO DE 2014.**

Presidente accidental:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

Concelleiros:

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretaria accidental:

D^a. FÁTIMA CORTIZO SEIJAS.

Interventora accidental:

D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.


**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 34 DA SESIÓN
CELEBRADA O DÍA 11 DE AGOSTO DE 2014 E Nº 35 DA SESIÓN CELEBRADA O
DÍA 18 DE AGOSTO DE 2014.**

Acordouse aprobar as actas Nº 34 e Nº 35, de 11 de agosto e 18 de agosto de 2014, respectivamente, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- EFICACIA DE COMUNICACIÓNS PREVIAS.-

2.1.-Acordouse outorgar eficacia á Comunicación Previa presentada pola Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón para a celebración da XVª Malla Tradicional o día 30 de agosto de 2014 en Codeseda-Doade, e autorizar dita celebración.

3.- INFORMES PREVIOS.-



3.1.- Acordouse aprobar o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 18/08/14, en relación á solicitude de licenza de segregación e modificado da mesma, e licenza de obra para rehabilitación de vivenda familiar e obras de terminación sobre ampliación da mesma, sita nunha finca do lugar de Pazo, parroquia de Soutolongo, de Lalín, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Turismo e Ordenación Universitaria.

4.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.-


4.1.- Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal, de data 1 de agosto de 2014, sobre solicitude de información referente a un tramo de camiño que parte da estrada Prado-Vilatuxe (EP-6004) á altura do PK 0+825 marxe dereita en dirección Norte, empalmando coa pista asfaltada de A Borralla.

4.2.- Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 20 de agosto de 2014, en relación á solicitude de información urbanística da parcela catastral 592 do polígono 37, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención municipal en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE112014), en dous lotes, LOTE 1: MANTEMENTO DO CASCO URBANO E LOTE 2. MANTEMENTO POR RUTAS NO RURAL E NOS POLÍGONOS INDUSTRIAIS mediante procedemento negociado sen publicidade, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 14.500,00 € (IVE incluído) para o Lote 1 e de 20.300,00 € para o Lote 2 e un prazo máximo de execución de 6 meses prorrogables por outros 6 meses máis.

5.2.- En relación ao expediente de contratación denominado “SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE URBANISMO DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE102014), tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade, trámite ordinario e un criterio de valoración, acordouse clasificar as proposicións presentadas e requerir diversa documentación ao licitador que presentou a oferta económica máis ventaxosa.



5.3.- Acordouse adxudicar o contrato de servizos denominado “SERVIZO DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DE MAQUINARIA DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE072014), aos seguintes licitadores:

LOTE NÚM. 1: MANTEMENTO E REPARACIÓN INTEGRAL DOS TRACTORES, CORTACÉSPEDES, DESBROZADORAS DE TRACTOR E EQUIPOS DE TRABALLO A MOTOR DO CONCELLO DE LALÍN, a MAXIDEZA, S.L., por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación.

LOTE NÚM. 2: MANTEMENTO E REPARACIÓN INTEGRAL DOS CAMIÓNS, RETROESCAVADORAS, MOTONIVELADORA E COMPACTADOR VIBRATORIO DO CONCELLO DE LALÍN, a HIDRAMAQ DEZA, S.L., por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación.

LOTE NÚM. 3: MANTEMENTO E REPARACIÓN INTEGRAL DOS TURISMOS, VEHÍCULOS TODO TERREOS E FURGONETAS DO CONCELLO DE LALÍN, a HIDRAMAQ DEZA, S.L., por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación.

5.4.- Acordouse corrixir os apartados segundo e quinto do punto 2.1. da acta do día 1 de agosto de 2014, en relación ao expediente de contratación denominado “REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN” (CO042014).

5.5.- Acordouse corrixir un erro material detectado en relación ao expediente de contratación denominado “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN SANTISO, ERBO, LEBOZÁN E OUTROS” (CO052014), aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de agosto de 2014.

6.- FACTURAS E CONTAS.-

6.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe 172.786,85 €.

7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.-



7.1.- Acordouse aprobar a acta de recepción das obras denominadas “REPARACIÓNS VARIAS NO ALBERGUE XUVENIL DE MOURISCADE, LALIN”, de data 7 de agosto de 2014.

7.2.- Acordouse solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal por importe de 542.604,70 € e comprometerse cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

7.3.- Acordouse contratar coa empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A. o subministro de 20Tm de Emulsión Asfáltica C65B3, por importe total de 9.075 € (IVE incluído), con suxeición ó réxime dos contratos menores de subministros, para a reparación de asfalto de pistas.

7.4.- Acordouse recoñecer a obriga a favor da Mancomunidade Terras de Deza por importe de 53.820 € a que ascende a achega do Concello para o exercicio 2014.


7.5.- Acordouse traspasar o importe de 605,95 € correspondentes ao ingreso neste Concello, como consecuencia da recadación en vía executiva polo ORAL, das cantidades adebedadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

7.6.- Acordouse traspasar o importe de 185,11 € correspondentes ao ingreso neste Concello, como consecuencia da recadación en vía executiva, das cantidades adebedadas á Xunta de Compensación da Área de Reparto 29, se ben constando na tesourería municipal unha dilixencia de embargo de calquera dereito de contido económico que teña que percibir a citada Xunta de Compensación traspasar a citada cantidade a favor da Deputación Provincial de Pontevedra.

7.7.- Acordouse autorizar a alta dun posto de venda ambulante para todos os días de feira do ano 2014.

7.8.- Acordouse conceder postos e aprobar as altas e liquidacións para os segundo semestre do exercicio 2014 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espéctáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

7.9.- Acordouse aprobar as bases de selección e contratación do docente e titor de prácticas para a acción formativa “Instalación de elementos de carpintería” (AFD



Secretaría Xeral
2014/2797).

7.10.- Acordouse contratar coa empresa SANMARTIN Y GIL CONSULTORES S.L. (Consultoría A&M QUALITY) para que imparta o módulo transversal denominado “Curso básico de Prevención de Riscos Laborais”, de 60 horas de duración, no curso de formación profesional ocupacional 2014 “Instalación de elementos de carpintería”, con suxeición ao réxime de contratos menores de servizos.

7.11.- Acordouse contratar coa empresa PROMOVE, S.L, polo importe total de 5.959,25 € (IVE incluído), a elaboración dun estudo técnico para a creación un grande espazo de recreo na área que ocupa o Xardín Botánico.

7.12.- Acordouse aprobar a concesión de axudas para a realización de actividades deportivas para o ano 2014.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

8.1.- Acordouse autorizar o corte da rúa Joaquín Loriga, no tramo comprendido entre as rúas Joaquín Loriga e Avenida Luís González Taboada, con motivo da celebración do 10º aniversario da Cafetería Kubos na que se celebrará un concerto do grupo “LA BANDA DE NASH”, o vindeiro día 5 de setembro de 2014.

8.2.- Acordouse autorizar a realización de petitorio a favor da Asociación Española Contra el Cáncer e ocupar a vía pública o vindeiro día 3 de setembro de 2014 en horario de 10:00 a 13:00 horas.

8.3.- Acordouse autorizar a ocupación da Praza da Igrexa, o vindeiro día 13 de setembro de 2014, en horario de 14:00 a 21:00 horas con motivo da realización dunha campaña publicitaria de Gas Natural.

=====

